



Deputación DA CORUÑA

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á INFRAESTRUCTURA FERROVIARIA ENTRE AS COMARCAS DA CORUÑA E FERROL.

A comezos do presente mes de Marzo o Parlamento Galego debatía unha iniciativa que recababa o apoio dos catro grupos alí representados arredor dunha demanda histórica sobre as infraestruturas galegas: a liña de tren entre as cidades de Ferrol e A Coruña.

Estas dúas cidades, que xunto con Santiago de Compostela, supoñen os dous grandes núcleos poboacionais da provincia, manteñen unha precaria comunicación a nivel de transporte público.

O transporte por estrada desenvólvese por unha autoestrada cuxos prezos de peaxe foron e son reiteradamente denunciados polos milleiros de usuarios e usuarias que a percorren cada día, ou a través de liñas de autobuses que contan cunha frecuencia moi escasa.

As dificultades sinaladas deberían provocar unha reacción nas institucións con capacidade e competencias para a definición de rutas e infraestruturas para a mellora do ferrocarril.

A alternativa ferroviaria por prezo, por sostenibilidade, pola súa capacidade para transportar persoas e mercadorías, por estar camiño de converterse nunha débeda histórica con este sector do eixo atlántico que posúe potentes centros industriais, académicos e económicos debería ser prioritaria.

Con esta finalidade, o pasado 20 de Marzo de 2.017, no Concello de Ferrol, representantes políticos e institucionais das comarcas da Coruña e de Ferrol sinalaron como necesarias as seguintes actuacións a curto e medio prazo:

A curto prazo:

– Demandar con urxencia un incremento de frecuencias que compatibilice os servizos ferroviarios coa vida laboral e estudantil da veciñanza das nosas comarcas,



Deputación DA CORUÑA

- A mellora das estacións intermedias facilitando o acceso e accesibilidade, así como a combinación axeitada cos servizos ferroviarios de FEVE e co transporte público en autobús,
- Un plan de fomento intensivo do seu uso, con bonificacións que poidan facer atractivo o servizo, e competitivo respecto aos elevados prezos das peaxes da AP9 e do servizo público por estrada
- A inclusión da liña ferroviaria no Plan de Transporte Metropolitano, que permita, como quedou dito no punto anterior, acollerse a bonificacións para maiores, estudantes, menores de 18 anos, desempregados, etc.
- Melloras puntuais na infraestrutura, como a construción do bypass de Betanzos para evitar ter que pasar por Infesta e poder reducir os tempos da viaxe, e/ou a mellora doutros puntos concretos do trazado.

A medio prazo:

- A adecuación da liña a un tren de proximidade digno, cunha infraestrutura que non deixe a comarca fóra do Eixo Atlántico, combinando os servizos directos con servizos con paradas intermedias, ferrocarril que xa estivo no Convenio da Xunta co Ministerio de Fomento no ano 2000 e que suporía un investimento, co IPC e IVE actualizados duns 500 millóns de euros e un traxecto sen paradas de 25 minutos entre as dúas localidades.

Por todo isto, os grupos representados nesta Deputación trasladamos o noso apoio á reivindicación polo “Eixo Ferroviario Ferrol -A Coruña” acordado no Concello de Ferrol o pasado 20 de Marzo de 2.017, por distintos representantes institucionais.

Igualmente, daremos traslado destes acordos á Consellería de Infraestructuras da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento.

A Coruña a 31 de Marzo de 2.017



**Deputación
DA CORUÑA**

Julio Sacristán de Diego
Portavoz do Grupo PSdeG-PSOE

Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo do BNG- Asembleas Abertas

Agustín Hernández Fdez de Rojas
Portavoz do Grupo Partido Popular

Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo Marea Atlántica

Manuel Dios Díz
Portavoz do Grupo Compostela Aberta

Ángel García Seoane
Portavoz do Grupo Alternativa dos Veciños de Oleiros